

-I-

As herbas medraban nas regañas das lousas con teimosía. Cada ano achegabámonos ao cemiterio por ver de poñer orde no mármore esnacado —algún día habería que cambiarlo—. As tres fiestras estaban alí, ateigadas de vida; a verdadeira medida do tempo transcorrido dende a última visita. Eu, cun coitelo de cociña, loitaba contra esa herba pegañenta, esbrancuxada, que medraba idéntica en todos os nichos e esmagaba contra a pedra os pequenos corpos dos insectos que saían decontino polo manancial das fendas, como se aínda, tantos anos despois do último morto, houbese oportunidade para a enchente.

Cada novembro, a miña avoa e mais eu acudiamos ao nicho familiar armadas cos produtos de limpeza. Aquela expedición doméstica convertíase para min nunha aventura, nunha verdadeira viaxe que me desvelaba dende a véspera e

que alentaría os meus pesadelos durante semanas. Ía ao encontro de algo que non podía entender, que cada ano se me revelaba distinto, mesturando horror e curiosidade en doses diferentes conforme medraba. Sexa como for, non lembro momentos más profundos, más sagrados que aqueles en novembro, no mes do devalo, nos que, coa luz marrón da tarde, eu e a miña avoa avanzabamos polas rúas desertas dun mundo suspendido.

De lousa en lousa, de silveira en silveira, unha vexetación persistente, pegañenta, uns insectos miúdos, e nós con coitelos raspillando a pedra, con cristasol, limpando o vidro escangallado, o netol nas molduras. O resultado era modesto, apenas mellorado polos grandes crisantemos amarelos, unha flor hortaliza, enorme e triste, para un único uso nas vasillas dos días de defuntos. Realmente habería que arranxar aquel panteón; a miña avoa proxectaba poñer unha gran lousa de mármore corrida, dunha mármore negra sobre a que salientasen as letras en prata. Falaba con celo da súa casa futura e eu pedíalle por Deus que calase, que aquilo non podería ser nunca casa súa.

Antes de marchar, cando rematabamos de axeitar o noso panteón para o día grande, turraba por ela para ir visitar as campas civís. Aquel recinto amurallado era un cemiterio pequenijo, de xoguete, dentro do inmenso cemiterio urbano. Alí, enterrados nas marxes, estaban os mortos raros, ilegais, vergoñentos. Custábame imaxinar que existise alguén tan ruín, tan estúpido, que puidese concibir unha terra de ninguén no medio dunha cidade vouga. Por moito que teimasen era imposible inventar unha categoría inferior de baleiro. E, porén, ao contrario do pretendido, aquel espazo

parecía más caloroso, más humano. Alí non había rúas nin arremedos de prazas, nin grandes moles de cemento, non había mausoleos, nin grilandas retóricas. As poucas tumbas non seguían unha orde simétrica, eran láminas de pedra gravadas coa anarquía dos cemiterios das aldeas. Algunhas daquelas lousas tiñan textos longos, escritos en linguas estranxeiras. Había suicidas e loucos e xentes doutras relixións, musulmáns, xudeus, protestantes ingleses, que chegaran á cidade portuaria feridos da sífile, de tuberculose, de febres raras e incurables, ou nos caixóns dos pesqueiros, xa inermes, líquidos, grises, coma o océano.

Pero moitos daqueles mortos érano da mesma infamia. No cemiterio civil, durante os anos que durou a guerra, os corpos que chegaron foron, sobre todo, os de homes marcados. Podía ver a miña avoa, nova e fermosa, berrando naquel mesmo lugar onde remataba a nosa visita de Todos os Santos ¡Viva la República!, e unha chuvia de caraveis vermellos, levados nas dobras das saias ás agachadas, a caer sobre a terra remexida. As voces valentes das modistiñas, da boa xente nova que naqueles días confusos vivía por primeira vez unha aventura. A paixón, a inconsciencia, o espanto, todo latexaba nelas enchéndoas de forza para berrar unha e mil veces e fuxir logo rúa enriba, querendo sobrevivir, sentíndose heroínas.